

**Instrucións para a presentación da memoria da actividade, tal e como se establece no punto décimo segundo da Resolución do 20 de xuño de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se regula a convocatoria e selección de centros públicos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para participar no programa EduExchanges de intercambio en liña de alumnado con centros educativos estranxeiros durante o curso 2022/2023.**

Deberase presentar ante a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa unha memoria da actividade que **conterá os seguintes campos:**

1. Modificacións motivadas levadas a cabo con respecto ao manifestado na solicitude de participación
2. Avaliación da actividade por parte das persoas participantes (profesorado, alumnado e familias galegas e estranxeiras) e polo resto da comunidade educativa
3. Repercusión e difusión da experiencia
4. Memoria económica.
5. Organización, desenvolvemento e metodoloxía. Memoria documental en formato video.
6. Propostas de mellora orientadas ao centro.
7. Propostas de mellora orientadas á administración educativa.

#### **Pasos para a presentación da memoria : programas educativos e XuntArquivos**

1. Acceder ao aplicativo Programas Educativos e seguir as indicacións do anexo II (pasos 9 e 10).  
<https://www.edu.xunta.gal/programaseducativos/>
2. Engadir o arquivo da memoria documental a XuntArquivos.  
<http://xuntarquivos.xunta.es/enviar-arquivos.html>
3. Incluír a ligazón xerada en XuntArquivos no apartado corresponde da memoria xustificativa. A ligazón ten unha vixencia de 96 horas. Recoméndase engadir o arquivo xusto antes do envío.

A sección *Memoria* do aplicativo *Programas educativos* estará aberta para edición e entrega **entre o 1 e o 30 de xuño**, ambos incluídos.